


ASUNTO: INSTRUCCIÓN SOBRE A LIQUIDACIÓN DE DESPRAZAMENTOS INTERCAMPUS

Coa fin de optimizar o trámite dos pagamentos polos desprazamentos realizados no curso académico polo profesorado que, coa autorización da vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, imparte docencia nun campus distinto daquel no que está asignado/a, esta vicerreitoría establece o procedemento que permite cobros parciais por cuadrimestre, segundo se describe a continuación:

- Ao final de cada cuadrimestre, e nos prazos establecidos abaixo, a dirección do departamento ou a coordinación do máster (cando proceda), solicitará a liquidación dos desprazamentos intercampus correspondentes mediante o documento “*Liquidación de desprazamentos intecampus*”, dispoñible na web da vicerreitoría, http://profesorado.uvigo.es/vicprof_gl/organizacion/impresos/.
- O departamento ou a coordinación do máster, enviará esta solicitude debidamente cumprimentada, ás Áreas de Apoio de Xestión de Centros e Departamentos, unha vez asinada polo/a profesor/a, director/a do departamento (coordinador/a do máster) e o secretario/a do centro, xunto coa seguinte documentación:
 - o Certificado detallado de horarios, titorías e outras actividades (exames, etc), asinado polo secretario/a do centro.
 - o Recibos de peaxes (de selo caso).
- Os prazos para o envío da solicitude xunto coa documentación adicional ás Áreas de Apoio, son:
 - o Para os desprazamentos do primeiro cuadrimestre: **ata o 28 de febreiro**.
 - o Para os desprazamentos do segundo cuadrimestre: **ata o 31 de xullo**.
- Unha vez recibidas estas solicitudes nas áreas correspondentes, tramitaranse a través da Secretaría Virtual/Outros Xustificantes Económicos/Comisións de Servizo, segundo o “Manual sobre a adecuación da instrución sobre a liquidación de desprazamentos intercampus”.



Este pagamento rexeráse polas seguintes disposicións:

- O pagamento dos desprazamentos intercampus relativos a departamentos só estará xustificado se a capacidade docente dun departamento/área nun campus é inferior ao encargo dese departamento/área nese campus. Xa que logo, se o profesorado asignado a un campus determinado pode asumir a totalidade da docencia dese campus, o departamento non poderá solicitar desprazamentos intercampus para financiar movementos voluntarios do profesorado a outros campus.
- No caso de desprazamentos de departamentos, o número de horas de titorías será proporcional á docencia impartida no centro. Non se liquidarán titorías durante o día de impartición de docencia. Durante os períodos lectivos sen actividade docente, liquidaranse só titorías nun único día da semana.
- Non se poderá liquidar manutención nestes desprazamentos.

Vigo, 27 de setembro de 2017

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez